# ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DOCE DE AGOSTO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretaria accidental Dª. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e dez minutos do día doce de agosto de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trinta de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares.**

2.1.- Instancia núm. 201400000000308 de dona Beatriz Agrelo Tallón.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en A Estrada, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda e anexo, situada en Reboredo-Ponte Ulla (expediente núm.: 2014/U008/000004), en solo cualificado no PXOM como "Dos núcleos rurais", segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. Luís Rubial Rodríguez cun orzamento de 78.800,00 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A50800516.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.-Construirase de acordo co proxecto presentado segundo a modificación requirida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

En cumprimento do artigo 29 da Lei 9/2002 deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e a conexión ao sistema municipal de sumidoiros de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento.

Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia e, previo ao inicio das obras, deberá achegar a seguinte documentación: dirección de execución

material e proxecto arqueolóxico perante o Departamento Territorial da Consellería de Cultura Educación e Universitaria que deberá autorizar o inicio das obras e compromiso de conexión aos servizos municipais.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil cincocentos setenta e seis euros (#1.576,00#).

2.2.- Instancia núm. 201400000000746 da AA. VV. Unión y Progreso

Dáse conta da citada instancia na que don Tomás Diaz Castañeira, en calidade de Presidente da AA.VV. Unión e Progreso de San Xián de Sales, solicita licenza para obras de rehabilitación do local social situado en Cibrán, en solo cualificado no PXOM como Solo  Urbano Sociocultural SC-7 (ordenanza U-1),consistente en cambiar a tella existente por outra (Expediente núm..: 2014/U009/000039).

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001604700NH44A.

Dáse conta así mesmo da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

3º.- Concederlle a exención das taxas e impostor municipais correspondentes ao tratarse dunha obra social de interese comunitario

2.3.- Instancia núm. 201400000000906 de  don José María Mogo Castelao.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, consistente en repoñer tellas deterioradas e limpar e repoñer, de ser o caso, as baixantes deterioradas (Expediente núm.: 2014/U009/000048), situada en Sarandón nº 39, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2).

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002502600NH43E0001MX.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

De acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e tres euros con noventa e seis céntimos (#83,96#).

2.4.- Instancia núm. 201400000000927 de don David José Espiño Iglesias.

Dáse conta da citada instancia na que a interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para obras de acondicionamento de vial en interior de parcela, consistente en repoñer grava e nivelar con pala escavadora, no lugar de Pousada de Arriba, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de especial protección agrícola (R-2).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o trazado actual existente cunha sección máxima de 3 m de ancho.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.5.- Instancia núm. 201400000000986 de dona Pilar Lema Barral.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para obras de rehabilitación de edificación existente cambiando o tellado, de aproximadamente 34 $m^2$ de superficie, colocando uralita e tella novas (Expediente núm.: 2014/U009/000052), situada en Galegos nº 9 –Santa Cruz de Ribadulla, en solo cualificado no PXOM como solo urbano (U-3).

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 7165809NH4376N.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación.

As obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica.

De acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.6.- Instancia núm. 201400000001004 de dona Pilar Torres Ares.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para obras de construción dun pozo no lugar de Vilar, (Expediente núm.: 2014/U009/000054).

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002500400NH43G0001JJ.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Construirase a unha distancia maior de 3 metros dos lindeiros e a maior distancia de 20 metros de calquera fosa séptica. Ademais a distancia dos viais será a maior de 6 m dende o eixe.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

**3º.- Certificacións de obras**

3.1.- Certificación núm. 1 da obra de *Construción de aparcadoiro en San Xián de Sales.*

Dáse conta da certificación núm. 1 da obra de *Construción de aparcadoiro en San Xián de Sales*, e da factura nº EO0078/14 da empresa adxudicataria da mesma, Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de vinte e un mil cento cinco euros con cincuenta céntimos (#21.105,50#), sendo a directora da mesma a arquitecta municipal dona Clara Lema Rodríguez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura correspondente.

**4º.- Facturas varias.**

Dáse conta das seguintes facturas:

| Número de factura | Data factura | Importe € | Nome provedor/acredor | Descrición |
|---|---|---|---|---|
| VD 07/2014 | 31/07/2014 | 6.172,30 | Ana Naya Garcia. S.L. | Servizo de gardería na escola infantil municipal mes xullo |
| 8 | 31/07/2014 | 1.314,87 | Suárez Barreiro, Pilar | Atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes xullo |
| 43 | 31/07/2014 | 3.193,19 | Grupo Acofide, S.C. | Servizo de xestión, mantemento e socorrismo na piscina municipal mes xullo (prazo 2/3) |
| 42 | 31/07/2014 | 6.241,48 | Grupo Acofide, S.C. | Servizo de xestión de instalacións e actividades do polideportivo municipal mes xullo (prazo 10/48) |
| 14/7 | 31/07/2014 | 4.127,04 | Freiría Suárez, José María | Servizos de limpeza realizados durante o mes de xullo |
| S14/084697 | 01/07/2014 | 33,00 | La Voz de Galicia, S.A. | Subscrición a La Voz de Galicia mes xullo |
| 12688 | 15/07/2014 | 172,43 | Ropa y Calzado Profesional, S.L. (La Bata) | Pantalóns para o persoal do servizo de axuda no fogar subministrados en xullo |
| FC9889 – 6 | 29/07/2014 | 635,37 | Núñez Rúa Manuel-Claudio O Terrón | Produtos alimenticios subministrados en xullo (para reparto polos Servizos Sociais municipais, R.A. 233/2014, de 04/07) |
| 1 201400014 | 01/08/2014 | 133,10 | Gráficas Vedra, S.L. | Cartel anunciador de licenza de obra para urbanismo a repercutirlle ao promotor |
| 10 | 31/07/2014 | 1.669,80 | Xardíns Reboredo - Ana Mª Cobas Fernández | Traballos realizados nas rutas de sendeirismo S. Xoán e Cubelas e nos parques de Santa Cruz e Ponte Ulla no |

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | mes de xullo |
| C63713 | 31/07/2014 | 550,01 | Galizoro, S.L. | Placa para o acto de restitución simbólica da Corporación destituída en 1936 (Pleno extraordinario celebrado o 26/07/14) |
| 1 100047 | 31/07/2014 | 165,00 | Forno San Xián, S.C. | Produtos para atencións protocolarias do Pleno extraordinario do 26/07/2014 (restitución simbólica Corporación 1936) |
| 1 100048 | 31/07/2014 | 165,00 | Forno San Xián, S.C. | Produtos para atencións protocolarias da exposición do Colectivo 15885 |
| GC000008 | 25/07/2014 | 450,00 | Maeve McLoughlin | Impartir clases de inglés en Santa Cruz no mes de maio |
| 98004079 | 24/07/2014 | 87,12 | Fornecementos Galegos, SL (Foga) | Cartuchos de grampas para a fotocopiadora da planta baixa |
| 4322535 | 01/08/2014 | 41,00 | Editorial Compostela, SA | Subscrición ao xornal Correo Gallego no mes de agosto |
| S/N | 04/08/2014 | 26,56 | DTS, SA (Digital +) | Subscrición a Canal+ na casa da terceira idade no mes de agosto |
| 75 | 30/07/2014 | 635,50 | García García, S.C. | Alimentos para necesidades básicas de familias s/RA 04/07/2014 |
| 91279560 | 01/08/2014 | 362,87 | Reale Seguros Generales, S.A. | Seguro anual do vehículo Nissan 2445-BLH de protección civil |
| 91279675 | 01/08/2014 | 448,73 | Reale Seguros Generales, S.A. | Seguro anual do vehículo Nissan C-6142-BS da brigada verde |
| 91279968 | 01/08/2014 | 330,11 | Reale Seguros Generales, S.A. | Seguro anual do vehículo C-6247-BF da brigada de obras |
| A/14.349 | 31/07/2014 | 5.566,48 | Marbe Hispania, S.L. - Hormigones | Cemento para as beirarrúas de Vedra |

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | (obra realizada pola brigada do concello) |
| 93020997 | 05/08/2014 | 453,51 | Siemens Renting, S.A. | Cota de arrendamento da copiadora da planta baixa do mes de agosto |
| F07/2014 | 28/07/2014 | 30,00 | Acredores diversos | Análise da auga residual da piscina efectuada pola Farmacia Enrique Martínez Parajó |
| 14-996 | 31/07/2014 | 1.377,21 | Puente Ulla S.L. | Gasóleo para o camión de recollida de lixo no mes de xullo |
| 14-997 | 31/07/2014 | 130,67 | Puente Ulla S.L. | Gasolina para a brigada verde no mes de xullo |
| 14-998 | 31/07/2014 | 295,19 | Puente Ulla S.L. | Gasóleo para os tractores municipais no mes de xullo |
| 14-999 | 31/07/2014 | 219,50 | Puente Ulla S.L. | Gasóleo subministrado en xullo para a escola de verán |
| 1 201400015 | 06/08/2014 | 133,10 | Gráficas Vedra, S.L. | Subministro de cartel de obra a repercutirlle ao promotor |
| 14/2658 | 04/08/2014 | 5,08 | José Cea, S.L. - Persianas Metálicas | Subministro dunha chapa de ferro |
| 14A/00227 | 31/07/2014 | 4.159,19 | Sociser Galicia, S.L. | Servizo de axuda no fogar do mes de xullo (libre concorrencia) |
| 14A/00228 | 31/07/2014 | 6.572,57 | Sociser Galicia, S.L. | Servizo de axuda no fogar dependencia no mes de xullo |
| 140000296 | 31/07/2014 | 144,63 | Droguería-Ferretería El Sol, SL | Materiais para a brigada de obras no mes de xullo |
| 1401044251 | 01/08/2014 | 223,12 | ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias | Aluguer dos locais da estación de Santa Cruz no mes de agosto |
| 4001371973 | 31/07/2014 | 437,85 | S. E. Correos y Telégrafos S.A. | Servizo de franqueo pagado do mes de xullo |
| 14/00495 | 31/07/2014 | 368,50 | Sapa-Contenedores y Servicios, SL | Retirada de pneumáticos, escombro e plástico do punto limpo no mes de xullo |

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2014476 | 01/08/2014 | 2.052,97 | Electricidad Cruceiro, SL | Servizo de mantemento dos alumeados públicos no mes de xullo |
| 436 T | 31/07/2014 | 240,00 | Mª de los Angeles Cutrín Ares - Librería Lino | Colaboración do concello nos carteis da actuación do grupo Milladoiro |
| 5626201468000839 | 08/08/2014 | 581,94 | Probisa Productos Bituminosos S.L.U. | Mestura bituminosa para arranxo das pistas municipais |
| 10140750 | 11/08/2014 | 159,72 | Inforhouse, S.L. | Tóner para a copiadora do xulgado de paz |
| 4320140201537 | 24/07/2014 | 26,85 | Espina & Delfín, SL | Subministro de auga no 2T/2014 (contador na Gándara marxe esquerda EN-525) |
| 4320140201536 | 24/07/2014 | 145,85 | Espina & Delfín, SL | Subministro de auga no 2T/2014 (contador da Gándara na marxe dereita EN-525) |
| 4320140201344 | 24/07/2014 | 1.675,75 | Espina & Delfín, SL | Subministro de auga no 2T/2014 (contador do Pico Sacro) |
| 42573245-B | 12/08/2014 | 90,01 | Seguros Catalana de Occidente, SA | Seguro de tractor John Deere E-7264-BFN do 17/08/2014 ao 17/08/2015 |
| | | 72,00 | Clara Lema Rodríguez | Quilometraxe dos meses de maio, xuño e xullo |
| | | 80,00 | José I. Munín Castelao | Quilometraxe do mes de xuño |
| | | 96,50 | Pilar Graña Campelo | Quilometraxe do mes de xullo |
| | | 109,50 | Mº. Cristina Vilariño Rodríguez | Quilometraxe do mes de xullo |
| | | 60,75 | Carmen Iglesias Parada | Quilometraxe do mes de xullo |
| | | 138,50 | Pastora Rendo Rial | Quilometraxe do mes de xullo |

A Xunta de Goberno, coa abstención da Presidencia nas facturas de Droguería – Ferretería El Sol, S.L, acorda aprobar as citadas facturas.

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

**5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.**

Dáse conta das seguintes Resolucións da Alcaldía do mes de xullo:

| Nº Decreto | Data | Asunto |
|---|---|---|
| 228 | 01/07/2014 | Aprobación de documentación a presentar polas comisións de festas para a celebración de verbenas e festas populares |
| 229 | 01/07/2014 | Autorizando a celebración das festas en San Xián de Sales |
| 230 | 02/07/2014 | Autorización corte de tráfico en Santa Cruz de Ribadulla en pistas municipais con motivo da celebración da Concentración Moteira |
| 231 | 04/07/2014 | Nomeamento de don David Souto Rey como Alcalde Pedáneo de San Xián de Sales |
| 232 | 04/07/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Mª. Montserrat Brea Calvo |
| 233 | 04/07/2014 | Aprobación compra alimentos con cargo ao programa de emerxencia social por importe de 3.000 euros |
| 234 | 08/07/2014 | Autorizando celebración festas en San Cristovo de Merín |
| 235 | 09/07/2014 | Autorización corte tráfico pistas municipais en San Miguel con motivo das festas do San Campio |
| 236 | 09/07/2014 | Redución intensidade servizo SAF a dona Socorro Albela País |
| 237 | 10/07/2014 | Autorización barbacoa en Agronovo con motivo da festa da E.D. Val do Ulla |
| 238 | 10/07/2014 | Autorización barbacoa en Agronovo con motivo da Festa do Escalo |
| 239 | 11/07/2014 | Lista definitiva admitidos gardería municipal curso 2014-2015 |
| 240 | 14/07/2014 | Autorización celebración festas en San Andrés de Trobe |
| 241 | 14/07/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Hilario Silva e Amparo Teira |
| 242 | 14/07/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Antonia e José M. Barreiro Mesa |
| 243 | 14/07/2014 | Autorización celebración festas en Ponte Ulla |
| 244 | 14/07/2014 | Autorización corte tráfico de estrada en Ponte Ulla os días das festas patronais |
| 245 | 16/07/2014 | Licitación furgoneta de acordo co novo prego de prescricións técnicas |
| 246 | 16/07/2014 | Desestimando recurso de reposición interposto por don Pablo Fragoso Dacosta contra das probas para a contratación dun operario para o servizo de recollida de lixo (cobertura permiso de paternidade e vacacións do persoal) |
| 247 | 16/07/2014 | Desestimando recurso de reposición interposto por don Pablo Fragoso Dacosta contra da súa exclusión para participar na selección praza operario para punto limpo (cobertura ILT persoal) |
| 248 | 17/07/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Cristina Rivadulla Salgueiro |
| 249 | 17/07/2014 | Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Arturo Núñez Cajaraville |
| 250 | 17/07/2014 | Autorización sardiñada en Vilanova o 21/08/2014 con motivo das festas do Santiaguiño |
| 251 | 17/07/2014 | Autorizando corte tráfico vías municipais en Vilanova con motivo da celebración das festas do Santiaguiño |
| 252 | 21/07/2014 | Cambio domicilio no Padrón Municipal de Habitantes de Angela Taibo Mera |
| 253 | 22/07/2014 | Incoando expediente limpeza de finca en Trasariz propiedade de Mª. Magdalena Otero Balado |
| 254 | 22/07/2014 | Incoando expediente limpeza de finca en Sales propiedade de Mª. Carmen Picón Segade |

| | | |
|---|---|---|
| 255 | 22/07/2014 | Autorizando corte de tráfico en vías municipais en San Fins con motivo das festas parroquiais |
| 256 | 22/07/2014 | Incoando expediente imposición multas coercitivas a Mª. Josefa López Sanín por incumprimento orde limpeza de finca en Paradela- San Xián de Sales |
| 257 | 23/07/2014 | Adhesión recurso interposto polo Concello de Touro contra da resolución do INEGA |
| 258 | 23/07/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Elvira Bernardez e Antía Canicoba |
| 259 | 28/07/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de María Aranza Sanmartín Soto |
| 260 | 28/07/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Luís Albares Gómez |
| 261 | 29/07/2014 | Nomeamento de dona Mercedes Pereiras como Secretaria accidental durante as vacacións do titular |
| 262 | 29/07/2014 | Autorización celebración festas en San Fins de Sales |
| 263 | 29/07/2014 | Cumprimento trienios persoal municipal |
| 264 | 30/07/2014 | Ampliación servizo SAF a Mª. Josefa Buján Otero |
| 265 | 31/07/2014 | Concesión autorización para instalar no recinto do campo da festa de San Miguel de Sarandón unha atracción de autos de choque con motivo das festas de San Campio os días 9, 10 e 11 de agosto de 2014 |
| 266 | 31/07/2014 | Autorizando celebración festas de San Campio |
| 267 | 31/07/2014 | Autorizando corte tráfico en Trobe con motivo da festa do porco á brasa |

A Xunta de Goberno dáse por informada.

**6º.- Outros asuntos.**

6.1.- Solicitude de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta do escrito núm. 201400000001022 no que dona Jesusa Castiñeiras Dopazo, con domicilio en San Cristovo de Merín, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 59%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

6.2.- Solicitude de axudas á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Dáse conta da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 28 de xullo de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas e actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2014 e 2015 cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda para a retirada de invasoras e limpeza de árbores caídas no Rio Ulla, de acordo coa memoria redactada ao efecto.

6.4.- Escrito núm. 201400000001023 da Asociación de Cabaleiros do Santiaguiño.

Dáse conta do citado escrito no que don Odón C. Cobas García, en representación da Asociación de Cabaleiros do Santiaguiño, expón que o vindeiro 24 de agosto se celebrará a tradicional ruta de cabaleiros, polo que solicita a concesión dunha axuda económica.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de douscentos cincuenta (#250,00#) euros.

Conclúe ao fío das trece horas e corenta minutos.